

CONVOCATORIA

Proxectos de Xeración de Coñecemento



AXENCIA GALEGA
DE COÑECEMENTO
EN SAÚDE

Obxectivos

- ✱ Contribuír ao fomento da capacidade de liderado nacional e internacional dos equipos de investigación nas entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro vencelladas á I+D+i, facilitando a súa mobilidade e impulsando a súa participación e éxito en programas e proxectos europeos e internacionais.
- ✱ Permitir incorporar unha aproximación inter e multidisciplinar coa participación de grupos de investigación con masa crítica capaz de xerar sinerxias entre distintas aproximacións científico-técnicas.
- ✱ Promover avances significativos no coñecemento científico



Novidades

CONVOCATORIA

-  **Novas Bases Reguladoras: Orde CIN/1025/2022, de 27 de outubro, (BOE 260 de 29/10/2022).**

 As actuacións para a **formación de persoal investigador predoutoral** quedan integradas nun só procedemento de concesión, xunto ás axudas a proxectos de investigación para a xeración de coñecemento ás que están asociadas. Teñen como finalidade o financiamento de actuacións encamiñadas á formación de novos doutores mediante a realización dunha **tese doutoral vinculada de maneira unívoca a un proxecto de investigación financiado nesta convocatoria**, incluíndo o financiamento dos custos de contratación do persoal investigador predoutoral, de estancias en centros de I+D e dos custos de matrícula derivados dos ensinos de doutoramento, así como da indemnización ao remate do contrato. Tamén se poderá financiar un **período de orientación postdoutoral** para perfeccionamento e especialización profesional do persoal investigador que teña obtido o grao de doutor, sempre que a obtención do mesmo se produza durante o período de execución da actuación para a formación de persoal investigador predoutoral e dentro da duración máxima do contrato.



Novidades

INVESTIGADORES PRINCIPAIS

- ❖ Períodos de interrupción da actividade investigadora:
 - Nos proxectos de **tipo A**, a data de obtención do grao de doutor/a deberá estar comprendida entre o **1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2020**.
 - As situacións de **interrupción da actividade investigadora** dos/as IP de proxectos de tipo A teranse en conta a efectos de modificación da data límite inferior admisible de obtención do grao de doutor. Estas interrupcións **deberán ser acreditadas na solicitude da axuda se a duración da interrupción é superior a 3 meses**.
- ❖ Flexibilizouse o requisito de vinculación para os contratos do *Programa Ramón y Cajal*, do Programa Estatal de Promoción do Talento e a súa Empregabilidade en I+D+i: considerase que **se cumpre o requisito de vinculación independentemente da data de finalización do contrato**.
- ❖ Así mesmo, cumpren tamén o requisito de vinculación aqueles contratados que estean en posesión do **certificado I3**, no marco doutros programas posdoutorais do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación e con independencia da data de finalización do contrato.



Novidades

CARACTERÍSTICAS DOS PROXECTOS E ACTUACIÓNS



Características dos proxectos:

- A **duración dos proxectos e subproxectos** será, con carácter xeral, de **3 ou 4 anos**, segundo o xustifique a índole das actividades descritas na memoria científico-técnica.
- A **data de inicio dos proxectos non poderá ser anterior ao 1 de setembro de 2023**.



Características das actuacións para a formación de persoal investigador predoutoral asociadas aos proxectos:

- Ten como finalidade a formación de novos doutores mediante a realización dunha **tese doutoral vinculada de maneira unívoca a un proxecto de investigación** financiado nesta convocatoria.
- As actuacións terán unha **duración máxima de 4 anos**.
- O proceso de avaliación e selección da persoa que se contrate corresponderá á entidade beneficiaria.
- A persoa seleccionada deberá cumprir os requisitos establecidos no artigo 21.a) da Lei 14/2011, para poder celebrar un contrato predoutoral.
- Os contratos financiados con cargo á axuda predoutoral serán **incompatibles coa vixencia de calquera outro contrato laboral** por parte do persoal investigador predoutoral en formación contratado.



Requisitos das entidades solicitantes.

Poderán ser entidades beneficiarias das axudas obxecto desta convocatoria, de conformidade co artigo 3 das bases reguladoras, as seguintes persoas xurídicas que estean válidamente constituídas e teñan residencia fiscal ou establecemento permanente en España:

- 1** **Institutos de Investigación sanitaria acreditados conforme ao establecido no Real Decreto 279/2016, de 24 de xuño, sobre acreditación de institutos de investigación biomédica ou sanitaria e normas complementarias.**
- 2** **As Entidades e Institucións Sanitarias públicas e privadas sen ánimo de lucro, vencelladas ou concertadas co Sistema Nacional de Saúde, que desenvolvan actividades de I+D+i.**
- 3** **Os OPIs definidos no artº 47 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, de acordo co previsto no RD 202/2021, do 30 de marzo polo que se reorganizan determinados OPIs.**
- 4** As Universidades públicas, os seus institutos universitarios, e as universidades privadas con capacidade e actividade demostrada en I+D+i, de acordo co previsto na Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, que estean inscritas no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos, creado polo Real Decreto 1509/2008, de 12 de setembro, polo que se regula o Rexistro de Universidades, Centros e Títulos.
- 5** Centros Tecnolóxicos de ámbito estatal e centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal que estean inscritos no Rexistro de centros creado polo RD 2093/2008, do 19 de decembro.
- 6** Centros Tecnolóxicos e Centros de Apoio á Innovación Tecnolóxica que estean inscritos no rexistro de centros creado polo Real Decreto 2093/2008, de 19 de decembro, polo que se regula os Centros Tecnolóxicos e os Centros de Apoio á Innovación Tecnolóxica de ámbito estatal e se crea o Rexistro de tales Centros.
- 7** Outros centros públicos de I+D+i, con personalidade xurídica propia, que nos seus estatutos ou no seu obxecto social ou na normativa que os regule, teñan a I+D+i como actividade principal.
- 8** Centros privados de I+D+i, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia, que teñan definida nos seus estatutos ou no seu obxecto social ou na normativa que os regule, a I+D+i como actividade principal



Modalidades de proxectos

«Investigación Non Orientada»

Trátase de proxectos sen orientación temática previamente definida, que estean motivados pola curiosidade científica e ten como obxectivo primordial o avance do coñecemento, independentemente do horizonte temporal e o seu ámbito de aplicación.

«Investigación Orientada»

Están orientados á resolución de problemas concretos e vencellados aos grandes desafíos da sociedade, é máis concretamente ás prioridades temáticas descritas no anexo III da convocatoria.

A selección da modalidade debe ser decisión do/da IP en función do proxecto presentado





Tipoloxía de proxectos

En ambas modalidades: Investigación Non Orientada e Orientada

Hai dous tipos de proxectos en función do perfil do/da investigador/a principal:

- Proxectos TIPO A: liderados por mozos investigadores/as.
- Proxectos TIPO B: liderados por investigadores/as cunha traxectoria científica consolidada

En ambas modalidades os proxectos poderán executarse:

- de forma INDIVIDUAL, é dicir, por un só equipo de investigación
- ou de forma COORDINADA, que constará de varios subproxectos cada un co seu equipo de investigación (artigo 10.3).



Características e requisitos dos proxectos **tipo A**

- Son proxectos que fomentan o acceso ao sistema de I+D+i á mozos investigadores/as con contribucións científico-técnicas relevantes e innovadoras, abrindo a posibilidade de que actúen como investigadores/as principais (IP).
- Poden estar dirixidos por un/unha ou dous/duas IP para os que a condición fundamental é a de ter obtido o grao de doutor/a entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2020, correspondendo esta data ao acto de defensa e aprobación da tese doutoral, e nos casos nos que se posúa máis dun doutorado, á data de obtención do primeiro deles. Non obstante, existen ampliacións deste prazo por razón de interrupción da actividade investigadora (ver artigo 8.3 da convocatoria).
- Ademais, para poder ser IP dun proxecto de tipo A non se pode ter sido previamente IP durante máis dun ano de proxectos de investigación das modalidades de actuación descritas no anexo V da convocatoria nin en modalidades equivalentes de convocatorias de plans nacionais de I+D+i anteriores ou da modalidade de “Proxectos I+D+I para mozos investigadores sen vinculación ou con vinculación temporal” das convocatorias 2014 ou 2015.



Características e requisitos dos proxectos **tipo B**

- Son proxectos liderados por un/unha ou dous/dúas IP cunha traxectoria investigadora consolidada, que poden realizarse como proxecto individual, cun só equipo de investigación, ou como proxecto coordinado, participando varios subproxectos, cada un co seu equipo de investigación.
- Para poder solicitar un proxecto de tipo B os/as IP deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 8.2 da convocatoria.
- A distinción entre o/a IP dos proxectos de tipo B de traxectoria consolidada materialízase en dúas cuestións:
 - **A data de lectura da tese do/da IP:** debe ser anterior ao 1 de xaneiro de 2021.
 - **A experiencia previa como IP:** non é requisito ter sido previamente IP.

Gastos elexibles e non elexibles

- 1** O orzamento dos proxectos presentárase unicamente na modalidade de custos marxinais, independentemente da natureza xurídica da entidade beneficiaria, podendo financiar ata o 100 % dos custos marxinais solicitados.
- 2** As axudas previstas nesta convocatoria destinaranse a cubrir os custos directa e indubitadamente relacionados co desenvolvemento e execución das actividades para as que foron concedidas, nos termos previstos no artigo 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- 3** O financiamento poderá aplicarse aos conceptos de gasto de custos directos e indirectos.



Gastos elexibles e non elexibles

Os custos directos de execución inclúen (I):

- a** Custos de persoal. Gastos derivados da contratación do persoal, que deberá estar dedicado ao proxecto.
- b** Custos de mobilidade directamente vinculados co proxecto: gastos de viaxes e estancias do/da IP, e das persoas que forman parte do equipo de investigación, incluídos os derivados da asistencia a xornadas de seguimento científico-técnico presenciais
- c** Custos de adquisición, aluguer, arrendamento financeiro (leasing), mantemento, reparación de activos materiais, como instrumental, equipamento científico-técnico e informático, material bibliográfico e outros elementos necesarios directa e exclusivamente vinculados coa execución do proxecto.
- d** Custos de adquisición de material funxible, suministros e produtos similares na medida en que se utilicen para o desenvolvemento do proxecto, excluindo en todo caso o material de oficina e o material funxible informático.
- e** Custos de adquisición de activos inmateriais, incluíndo programas de ordenador de carácter técnico, con vinculación directa co proxecto financiado



Gastos elexibles e non elexibles

Os custos directos de execución inclúen (II):

- f** Custos de solicitude de dereitos de propiedade industrial e intelectual xerados no proxecto e outros custos derivados do mantemento dos mesmos. Non serán elexibles os gastos de ampliación ou renovación daquelas patentes non xeradas durante o período de execución do proxecto.
- g** Custos de bancos de datos, uso e xestión de repositorios de datos e bibliotecas técnicas relacionados co proxecto.
- h** Custos de computación relacionados co proxecto
- i** Outros custos derivados de asesoramento, realización de estudos en materia de I+D+i, difusión, publicidade e patrocinio, e internacionalización das actividades científicas e técnicas
- j** Custos de publicación e difusión de resultados do proxecto financiado. Tamén se inclúen os gastos derivados da publicación de teses doutorais que fosen xeradas no proxecto e os gastos de publicacións derivadas de xornadas científico-técnicas financiadas con cargo ao proxecto.



Gastos elexibles e non elexibles

Os custos directos de execución inclúen (III):

- k** Custos derivados da formación do persoal asociado ao proxecto, incluíndo os custos inherentes á preparación das actuacións formativas e, no seu caso, das actividades formativas para integrar a dimensión de xénero na execución do proxecto.
- l** Custos de aluguer de salas, tradución, organización de conferencias, eventos, congresos e seminarios, para actividades científico-técnicas directamente vinculadas aos obxectivos do proxecto.
- m** Custos de inscrición en congresos, seminarios, conferencias, xornadas técnicas e similares, do/da IP, do equipo de investigación e do persoal que participe no equipo de traballo, e que figure na memoria científico-técnica do proxecto ou nos informes de seguimento, sempre que estean vinculados á entidades que cumpran os requisitos do artigo 7 da convocatoria.
- n** Custos de utilización de servizos centrais do organismo para actuacións vinculadas co proxecto, sempre e cando teñan tarifas públicas calculadas conforme á contabilidade de custos.
- o** Custos de utilización e acceso ás Infraestructuras Científicas e Técnicas Singulares (ICTS) e grandes instalacións científicas, nacionais e internacionais, sempre que dito acceso non sexa gratuito.



Gastos elexibles e non elexibles

Os custos indirectos de execución inclúen:

Son financiáveis os custos indirectos, entendidos como gastos xerais asignados ao proxecto, pero que pola súa natureza non poidan imputarse de forma directa.

Os custos indirectos determinaranse na resolución de concesión e calcularanse, con arranxo ás boas prácticas contables, como unha porcentaxe fixa do 25 % sobre os gastos directos do proxecto, sen necesidade de achegar xustificantes.

Só poderán considerarse financiáveis aqueles gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade que se financia e resulten estritamente necesarios en base á descrición do proxecto achegada na memoria científico técnica e na solicitude ou nos informes de seguimento científico-técnico. Todo gasto non xustificado polo beneficiario será retirado do orzamento elexible do proxecto.



Requisitos das solicitudes:

- 🌐 Con carácter previo á presentación da solicitude, tanto o/a IP como a persoa que ostente a representación legal da entidade solicitante deberán estar dados de alta no **RUS** na forma establecida no artigo 6 da convocatoria.
- 🌐 A persoa que ostente a representación legal deberá comprobar que a entidade que representa está inscrita no Sistema de Entidades (**SISEN**), ubicado na sede electrónica do ministerio, e que a súa acreditación como representante legal de dita entidade figura no SISEN
- 🌐 As entidades ás que pertencen os/as IP e as persoas participantes no equipo de investigación tamén deberán estar rexistradas no SISEN.
- 🌐 As solicitudes **presentaranse electrónicamente** a través da aplicación de solicitude, á que accederá o/a IP, e a de sinatura e rexistro electrónico, á que accederá a persoa que ostente a representación legal da entidade solicitante. Ambas aplicacións estarán dispoñibles na sede electrónica do ministerio.

Prazo de solicitudes

Prazo único de presentación de solicitudes



**do 10 de xaneiro ao 31 de xaneiro
de 2023 ás 14:00
(hora peninsular española).**

O prazo de presentación de solicitudes será único para as accións a realizar polo/la IP e pola persoa que ostente a representación legal da entidade solicitante.

